



Obxecto:	Solicitud de informe do Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) e Plan de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque Eólico Meirama modificado e LEMT 30kV CCS PE Meirama modificado– SET Meirama
Concellos:	Cerceda e A Laracha (A Coruña)
Promotor:	GREEN STONE RENEWABLE IV SL.
Remitido:	Servizo de Enerxía e Minas da Coruña. Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
Clave:	IN408A 2020/76
Expte.:	03.I.714.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3224/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 28.10.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, co artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos *Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama Modificado e LMT 30kV CCS PE Meirama Modificado-SET Meirama. Xaneiro 2022, Adenda ao Estudo de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama Modificado e LEMT kV CCS PE Meirama Modificado-SET Meirama e Proxecto de Interese Autonómico Parque Eólico Meirama e as súas infraestruturas eléctricas de evacuación. Setembro 2022*, nos termos municipais da Laracha, Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña). Tamén se facilita a ligazón aos arquivos Shapefile.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 24.06.2021 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, emite informe sobre o *Documento ambiental inicial Parque eólico Meirama 30/07/2020*. No dito informe sinalábase a necesidade de realizar unha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado polo proxecto do parque eólico, a súa liña eléctrica de evacuación de enerxía e os seus accesos desde a rede de estradas xerais, para unha correcta avaliación do impacto sobre o Patrimonio Cultural. Asemade, engadíase:

- ...*Deberanse respectar as contornas de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova relacionada co parque eólico e a súa liña de evacuación. Neste senso, se terá especialmente en conta o acondicionamento do vieiro existente que pode afectar aos túmulos O Forno dos Mouros do Coto de Altamira (GA15041024) e O Forno dos Mouros (GA15041019). A apertura da gabiá de cableado que afecta ao túmulo O Forno dos Mouros (GA15041019) deberá desprazarse fora do ámbito de protección do ben.*
- *Recoméndase, en xeral, a realización de análises de afección visual para os bens do patrimonio cultural máis próximos aos aeroxeradores, como sería o caso de conxuntos parroquiais, capelas ou outros elementos de singular valor cultural, co fin de descartar o posible impacto visual ou prever medidas correctoras en caso de que se producise. Especificamente realizaranse dende o Mosteiro de Soandres e o Pazo de Lavandeiras.*

O 08.06.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención *Prospección arqueolóxica para a avaliación do impacto patrimonial cultural do Parque Eólico Meirama modificado y LEMT 30 kV CCS PE Meirama – SET Meirama (Cerceda, A Laracha e Carral, A Coruña)*, baixo a dirección da arqueóloga Paz Blanco Sanmartín da empresa Gabinete de Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio, segundo proxecto promovido e presentado pola sociedade Green Stone Renewable IV, S.L. A autorización recibiu o código CT 102A 2021/412.





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E LEGAIS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20 do 01.02.2021)
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia* (DOG núm. 101, do 27.05.2022)
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* (DOG núm. 126 do 04.07.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos

Estudo de Impacto Ambiental

- O obxecto do proxecto actual é construír un parque eólico formado por seis aerogeneradores, catro cunha potencia unitaria de 3,45 MW, e dous de 3,6 MW (potencia total 21 MW), altura de buxa de 132 m, e un diámetro de rotor de 136 m, e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións dos aerogeneradores, plataformas de montaxe, gabias de cableado, drenaxes lonxitudinais e transversais, zona de acopios, torre de medición, edificio de control, centro de seccionamento e liña de evacuación.
- A liña de aéreo- subterránea de evacuación conecta o parque eólico Meirama Modificado e a subestación Meirama. É unha liña de media tensión (30 kV). Está composta de 73 apoios repartidos ao longo do seu recorrido. Consta de tres tramos soterrados (1.338 m) e dous aéreos (11.956 m):
 - Tramos soterrados son:
 - 1º tramo: Centro de Seccionamento- apoio 1, 20 m de lonxitude.
 - 2º tramo: apoios 39- 40, 539 m de lonxitude.
 - 3º tramo: apoio 73- SE, 779 m de lonxitude.
 - Tramos aéreos son:
 - 1º tramo: apoios 1- 39, 6.759 m de lonxitude.
 - 2º tramo: apoios 40-73, 5.197 m de lonxitude.
- O parque disporá de dous accesos dende a estrada que une O Portodoso e Cerceda que garantirá a entrada e a saída as posicións das máquinas. A rede de vieiros interiores deseñase utilizando os camiños existentes e realizando novos en casos imprescindibles. Os vieiros interiores do parque terán un ancho de entre 4,5 e 6 metros útiles, con radio mínimo de curvatura de 80 m. Os da liña serán de carácter temporal e terán un ancho de uns 3 metros.
- No apartado 12, *Alternativas analizadas*, sinálase que ademais da Alternativa 0, de non execución, analizáronse outras dúas opcións (A e B), para o parque.
 - Alternativa A, formada por seis aerogeneradores, cunha potencia total de 21 MW. Cunha distribución das máquinas condicionada pola orografía e o recurso eólico. Catro no concello de A Laracha e dous no de Cerceda. Esta é a elixida e presentada no ESI.
 - Alternativa B, formada por cinco aerogeneradores cunha potencia total de 21 MW. A configuración dos aerogeneradores é semellante, eliminándose o aerogenerador ME06, e desprazando de posición o ME03. Os accesos exteriores e interiores son iguais.





- Para a liña de conexión analizáronse dúas opcións (A e B).
 - Alternativa A: unha liña aero– subterránea, cunha lonxitude de 11.956 metros aéreos e 1.338 m soterrados. Respecto a distancia a elementos patrimoniais é a mais adecuada. Esta alternativa é a escollida.
 - Alternativa B, cunha lonxitude de 10.247 metros nun só tramo aéreo.
- En diferentes apartados da Memoria do EslA faise referencia as afeccións sobre o patrimonio cultural, nos apartados 8.- *Inventario ambiental*, subapartado 8.4.10.- *Inventario del patrimonio histórico – artístico y arqueológico*, recóllese o listado dos elementos patrimoniais localizados no ámbito de estudo, tanto arqueolóxicos, arquitectónicos como etnolóxicos. Remíten ao Anexo H, *Estudio Arqueológico* onde se recollen, con detalle, os resultados das prospeccións arqueolóxicas do PE e da Liña de evacuación.
- No apartado 9.- *Identificación y valoración del impacto ambiental*, sinálase que en base a *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*, débese realizar unha avaliación dos efectos previsibles directos e indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre diferentes aspectos, incluído o do patrimonio cultural e remite ao Anexo H.
- No apartado 12 *Medidas correctoras y protectoras*, punto 12.1.13 *Medidas de control arqueológico (medidas a aplicar con carácter previo al inicio de las obras y en la fase de construcción)* dise que como resultado dos traballos de prospección arqueolóxica faise necesaria a adopción de medidas protectoras e correctoras para a totalidade dos elementos e tamén medidas específicas sobre elementos patrimoniais concretos e remítese novamente ao Anexo H. No punto 12.2.10 *Patrimonio cultural (medidas a aplicar na fase de explotación)* dise que se evitará a afección dos elementos patrimoniais identificados durante as operacións de mantemento necesarias ao longo da explotación do proxecto.
- No apartado 13.- *Programa de vigilancia ambiental*, na fase previa a construción se definirán e balizarán as zonas de obra e de exclusión por motivos do patrimonio cultural. Asesorado por un equipo técnico ambiental ademais dun equipo de control arqueolóxico. Este, estará composto por arqueólogos colexiados, controlarán a sinalización dos elementos e a non afección dos contornos de protección.
- O **Anexo D** *Estudio de Impacto e Integración Paisagística* estuda os aspectos relativos á paisaxe do ámbito do proxecto e contén infografías simulando os aeroxeradores xa instalados desde varios puntos de interese patrimonial. Entre elas destacan as seguintes: Pazo de Lavandeiras (A Ferradura), Igrexa de Santa María Madanela (O Igrexario) e Igrexa de Santa María (O Igrexario).
- No **Anexo F**, *Medio socioeconómico y turístico*, sinálase que as infraestruturas do proxecto poden afectar a algúns elementos patrimoniais presentes na área do parque, principalmente na fase de construción. Estas afeccións recóllense e analízanse no Anexo H.
- O **Anexo K**, *Estudio de Sinergias*, considera que, no que respecta ao patrimonio cultural, a afección será a nivel individual do parque eólico Meirama modificado e a liña de evacuación.
- O **Anexo H** *Estudio arqueológico*, presenta o documento *Memoria de avaliación de impacto patrimonial do Parque Eólico Meirama Modificado e LEMT 30 kV CCS*, asinada en maio de 2021 pola arqueóloga M^a Paz Blanco Sanmartín, do Gabinete de Arqueoloxía e Xestión do Patrimonio.
De acordo con esta memoria, como resultado da prospección na área de afección do parque eólico e da LMT, identificáronse 25 elementos ou bens patrimoniais, 21 deles de carácter arqueolóxico e 4 elementos de carácter arquitectónico ou etnolóxico. O documento inclúe fichas cos bens identificados nas que se indican as características, tipo de impacto e medidas correctoras:
- En total analízanse vinte e un elementos arqueolóxicos que se localizan dentro do perímetro de 200 m a partir das obras proxectadas. A valoración dos impactos sobre os bens do patrimonio cultural afectados polo proxecto, así como as medidas correctoras específicas, que se presenta no estudo son as seguintes:





Elemento/ Código	Axente de impacto e xustificación	Impacto	Medidas correctoras específicas
O Forno dos Mouros GA15041019	Unha pista forestal utilizada como vieiro do parque, a uns 80 metros ao leste do túmulo. E outra pista forestal existente sitúase a 15 metros ao Sur do xacemento. A gabiá de cableado proxectase polo lado oposto ao ben.	Severo	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra. Balizarase o lateral occidental da pista existente e será tomada como o límite da obra. Prohíbese o uso da pista ao sur do túmulo a calquera maquinaria da obra. Valorarase unha sinalización específica prohibindo o uso da pista ao sur do túmulo. Control arqueolóxico no replanteo das obras no ámbito de protección do túmulo, así como presencial na apertura da gabiá de cableado.
O Forno dos Mouros do coto de Altamira. GA15041024	As obras prevista sitúanse a mais de 250 metros do elemento. Pero unha pista xa existente, a 60 metros ao leste do xacemento, está previsto o seu uso.	Severo	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra. Calquera modificación da pista será avaliada polo equipo de arqueólogos encargado do control. Non poderá ampliarse a pista no lateral mais próximo ao túmulo.
O Castro/Os Castros. GA15024020	A gabiá de cableado proxectase a 175 metros ao noroeste do castro. Os apoios mais próximos son o 39 e 40 e están a mais de 200 metros do xacemento.	Moderado	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra. Control arqueolóxico no replanteo da obra así como presencial na execución das obras previstas.
Area de control específico Chousa do Coto	Posible xacemento a uns 100 metros ao suroeste do apoio 65, e 115 m ao sur do 66. O voo da liña está a 90 m ao sur del.	Moderado	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra. Control arqueolóxico do replanteo da obra prevista. Limpeza previa da vexetación na zona dos apoios 65 e 66, e de ser posible da propia anomalía con control arqueolóxico, para confirmar a súa natureza como xacemento. De ser así comunicárase a DXPC e tomarase medidas correctoras mais axeitadas.
Area de control específico Castro Virís – Curro da Auga	A gabiá de cableado proxéctase a uns 165 metros ao sur do avultamento. O resto das infraestruturas sitúanse a mais de 200 metros. O apoio 40, fóra da área de protección do Castro de Virís aparecen pseudo parapetos que poderían estar relacionados con dito castro. Foron detectados pero non comprobados.	Moderado	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra. Control arqueolóxico presencial durante as obras. Limpeza previa da vexetación na zona da gabiá soterrada na contorna do apoio 40, baixo control arqueolóxico. De detectarse novos xacementos se comunicarán a DXPC e tomaranse as medidas correctoras oportunas.
Túmulo da Pena da Pía. GA15024003	Dentro da poligonal a mais de 340 metros das obras do parque.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Pedra da Cabirta	Dentro da poligonal a mais de 340 metros das obras do parque	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa da Lagoa GA15024047	O xacemento sitúase a mais de 350 metros do apoio 25 da liña.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa de Perravella 1 o	O apoio 21 a mais de 470 metros do xacemento.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.





Mámoa do Ramalliño GA15024010			
Medoña REF15024006	A zona do topónimo está a mais de 400 metros do apoio 21. Tendo en conta que segundo a cartografía catastral a zona do topónimo está a uns 100 metros ao sur de onde se recolle na xeolocalización, o impacto é aínda menor.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa da Gatañeira. GA15041031	Dentro da poligonal, a mais de 450 metros de calquera obra do parque.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
O Forno dos Mouros-Silvoso. GA15041025	Dentro da poligonal, a mais de 500 metros das obras do parque.	Sen Impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa de Perravella 2. GA15024033	A 510 metros ao oeste do apoio 21.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Estrutura de Pumar ou de Porta Leiras. REF15024003	Dentro da poligonal, a mais de 500 metros de calquera obra do parque.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Alto da Meda. TOP15041008	Dentro da poligonal, pero a zona do topónimo sitúase a mais de 600 metros das obras do parque.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa de Monte Pantín 1. GA15024008	O apoio 60 sitúase a 709 metros ao nordeste do xacemento.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa de Monte Patín 2 GA15024009	O apoio 60 sitúase a 730 metros ao nordeste do xacemento	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
A Torre. TOP15024003	Os apoios 24 e 25 son os mais próximos ao xacemento. A mais de 950 metros ao leste.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoa de monte da Meda.	Dentro da poligonal, pero a mais de 1000 metros das obras.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Fonte das Meigas. TOP15041003	A área do topónimo situase dentro da poligonal a mais de 1000 metros.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Túmulo de As Medorras/Fonte do Ouro. GA15041026	Dentro da poligonal a mais de 1900 metros das obras proxectadas.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Hórreo do Coto de Abaixo. As Encobas. Cerceda	Vial de nova execución de acceso ao apoio 69 da LMT a 2 m	Severo	Sinalización na planimetría de obra do elemento e a súa área de protección. Modificación do acceso ao apoio 69 sen que o seu trazado discorra pola contorna do hórreo. Verificarase a nova forma de acceder ao apoio 69 polos arqueólogos a cargo do control arqueolóxico da construción da liña.
Conxunto de Soandres. A	Obra a máis de 1.500 m	Sen impacto	Sinalización na cartografía de obra do elemento e a súa área de cautela.





Laracha			
Muíño de Porto franco. Queixa. Cerceda	Trazado da liña a 100 m Apoio nº 20 a 130 m	Sen impacto	Sinalización na cartografía de obra do elemento e a súa área de cautela.
Muíño da Bouza. Soandes. A Laracha	Obra a máis de 1.500 m	Sen impacto	Sinalización na cartografía de obra do elemento e a súa área de cautela.

- Establécense como medidas correctoras de carácter xeral, as seguintes:
 - Sinalización na planimetría da obra o patrimonio cultural existente na poligonal do proxecto.
 - Establecemento de bandas de protección de 200 metros no contorno dos xacementos, grafándose na planimetría da obra, e nas que quedan excluídas obras, acondicionamentos, prestamos, acopios, almacenaxe ou aparcamento da maquinaria.
 - Non se realizarán remocións nin acopios non previstos, en ningunha zona da obra sen consultar aos arqueólogos que leven o control da obra. Calquera reforma ou modificación de vieiros non previsto no proxecto deberá contar coa aprobación e supervisión dos arqueólogos encargados do control e seguimento.
 - As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse as áreas marcadas para ese fin e recollidas na planimetría.
 - Quedará prohibido o paso e o estacionamento de maquinaria fóra das áreas habilitadas. En especial na contorna dos xacementos, e as súas áreas de protección.
 - O equipo encargado do control arqueolóxico do proxecto contará cun deseño semanal do plan de obra para realizar con antelación os traballos de revisión do replanteo e control de limpeza de vexetación, en especial nas áreas de cautela. A situación actual da vexetación non permitiu unha revisión adecuada de certas zonas, en especial na localización do aeroxenerador 4 e o novo vieiro.
- Se no transcurso dos traballos previos detéctase algún novo xacemento ou evidencia arqueolóxica, se comunicará a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Adenda ao EIA

- O obxecto deste documento é valorar ambientalmente a subestación Meirama (punto de chegada da LMT 30 kV que parte do PE Meirama Modificado), xa que no documento Estudo de Impacto Ambiental inicial incluíase o parque eólico e a liña, pero non se valoraba a SET. Esta infraestrutura proxéctase nas instalacións que está actualmente tramitando Naturgy (exp IN408 2018/27) na antiga Central térmica de Meirama, nunha zona xa alterada industrialmente.
- En relación ao patrimonio cultural, no apartado 6 *Valoración ambiental e impactos producidos pola instalación da subestación (medio socioeconómico e cultural)*, punto 6.4.6 *Patrimonio cultural* remítese ao Anexo de Avaliación de Impacto arqueolóxico do EIA para consultar os elementos patrimoniais detectados no ámbito de estudo e dise que tendo en conta a localización da subestación non se esperan afeccións sobre o patrimonio cultural.

Proxecto de Interese Autonómico (PIA)

- O proxecto de Interese Autonómico é o instrumento de intervención directa na ordenación do territorio da Comunidade Autónoma que ten por obxectivo planificar e proxectar actuacións, sempre que transcendan no ámbito municipal, pola súa incidencia territorial, económica, social e cultural, e que se fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado.
- O presente PIA ten por obxecto regular a implantación do novo proxecto de execución do PE Meirama modificado e a liña de evacuación, garantindo a súa adecuada inserción no territorio, a súa conexión coas redes e servizos correspondentes, a súa adaptación o entorno no que se emprace e a súa articulación coas determinacións dos planeamentos urbanísticos e territoriais vixentes.





- Na Memoria do PIA no apartado 2.- *Memoria descriptiva*, recolle que os camiños existentes se perfilarán e compactarán nos puntos que o requiran cunha capa de grava. Asemade, en partes dos vieiros novos terán unha pavimentación de 30 cm de asfalto bituminoso ou de formigón.
- No apartado 3.- *Memoria justificativa*, así como no 4.- *Estudio de incidencia territorial*, no que atinxe ao estudo arqueolóxico conclúe que as características das obras e a situación dos elementos, fan que coas medidas correctoras oportunas a obra non supoña risco elevado de afección ao patrimonio cultural.
- No apartado 6.1.- *Planemamiento y legislación urbanística vigente*, onde se recollen as diferentes normas urbanísticas vixentes dos concellos afectados, así como os tipos de solos ocupados polo parque:
 - A Laracha (PXOM 2003): os terreos ocupados son Solo Rústico de Protección forestal ou de monte, Solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección natural.
 - Cerceda (NNSS 1996): os terreos son Solo Non Urbanizable normal (NU), Solo Non Urbanizable de predominancia de masas forestais e outras áreas de interese con especial protección (MF), e Solo Non Urbanizable de protección de ribeiras e embalses (PF).
- No Anexo A, *Análisis de compatibilidad estratégica (ACE)*, nos diferentes apartados con referencias ao patrimonio cultural, remite ao estudo arqueolóxico realizado.

Unha vez analizados os documentos, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- Respecto ao deseño desenvolvido no documento de inicio para sometemento ao trámite de consultas, informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 24.06.2021, o parque eólico pasou de ter 5 aeroxeradores de altura total 150 m, a 6 aeroxeradores de altura total 200 m, mantendo a potencia total de 21 MW.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como os planeamentos municipais, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio constátase que na zona de afección do parque eólico, da liña, da SET, e na súa poligonal existen bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras e que son identificados no *Estudo de Impacto sobre o patrimonio cultural* incluído como Anexo H do EIA, onde se avalía o seu impacto e se propoñen medidas correctoras.
Cómpre sinalar que as coordenadas de localización incluídas nas fichas dos elementos hórreo do Coto de Abaixo e Muíño de Portofranco son erróneas.
- Na documentación presentada (Anexo H) sinálase que foi localizado, durante os traballos de gabinete, utilizando a cartografía LiDAR e o mapa de pendentes, un posible túmulo, denominado polo equipo arqueolóxico, da *Chousa do Coto*. Dito posible xacemento non puido ser confirmado durante o traballo de campo, debido ao estado da vexetación. Sitúase a 100 metros do apoio 65, e a 90 metros do voo da liña entre os apoios 65 e 66 e dos accesos aos apoios 67, 66 e 65. O acceso é baixo o voo da liña e non utiliza ningún vieiro existente.
- O segundo tramo de liña soterrada, entre os apoios 39 e 40, sitúase a uns 175 metros da contorna de protección, establecida polo Plan Básico Autonómico, do *Castro de Virís*, GA15024020.
- Asemade, no Anexo H, establécese a área de control específico Castro Virís–Curro da Auga (ao NW da zona de cautela de O Castro/Os Castros. GA15024020, nun contorno superior ao establecido polo PBA), pola presenza dunha anomalía do terreo, susceptible de ser un túmulo. Considérase unha área arqueolóxica de grande potencialidade. Non puido ser confirmada como xacemento polas condicións da vexetación e do acceso a parcela. Sitúase ao norte do apoio 39, nas coordenadas UTM x: 543664.70, y: 4779757.11, a 165 metros da gabiá de cableado soterrada, no punto mais próximo.
- Consultada a cartografía catastral e o modelado do terreo LiDAR, aprécianse as seguintes anomalías topográficas:





- Topónimo *Capilla*, UTM x: 541700.92, y: 4782654.42: no S da poligonal aínda que lonxe das obras do parque (a pouco mais dun quilometro). Non se aprecian estruturas asociadas.
- UTM x: 541802.49, y: 4782754.69: a uns 145 metros ao N do topónimo anterior apreciase unha anomalía compatible coa presenza dun xacemento arqueolóxico (túmulo).
- UTM x: 541740.92, y: 4779392.85: ao SW da liña de evacuación, a uns 150 metros do apoio 26, a 195 m do 27 e a 145 m do voo entre ambos apoios.
- Respecto ao acceso ao parque eólico, se ben se especifica a ruta desde fóra da poligonal, non se concretan as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).
- Respecto ao proxecto de interese autonómico, compróbase que os datos que se inclúen, no que respecta ao alcance da actuación e localización das infraestruturas do parque eólico, coinciden cos do Estudo de impacto ambiental. Non obstante, na planimetría de implantación sobre o planeamento urbanístico vixente do proxecto de interese autonómico, non se sinalan todos os bens identificados no Anexo H do EslA. O PIA deberá incorporar a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural recollida no Anexo H do EslA. Por outra banda, os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural se informa de xeito **favorable** os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Meirama modificado y LEMT 30 kV CCS PE Meirama – SET Meirama*, Xaneiro 2022, e *Proxecto de Interese Autonómico Parque Eólico Meirama e as infraestruturas eléctricas de evacuación*, Setembro 2022, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no Anexo H do EslA, e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:

- Deberán revisarse as anomalías referidas nas consideracións técnicas do presente informe, no caso de confirmarse como xacementos arqueolóxicos, deberá completarse o EslA coa cualificación de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Deberá modificarse a traza da gabia soterrada entre os apoios 39 e 40, pola súa proximidade ao *Castro de Virís*, GA15024020 (175 metros ao SE). Débese situar fora dos 200 metros de protección que lle proporciona a *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016), pola posible aparición de restos arqueolóxicos vinculados ao Castro.
- Tal e como se indica nas medidas correctoras do Anexo H, modificarase o acceso ao apoio nº 69 da LMT para que o seu trazado non discorra pola contorna do hórreo do Coto de Abaixo en San Román das Encrobas (Cerceda).
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do acceso ao parque eólico fóra da poligonal, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc...). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólicos, traballos de construción do parque eólico e da liña de evacuación realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao





establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).

- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro ben que puidera aparecer no transcurso das obras. No caso de aparecer restos arqueolóxicos no marco do control e seguimento arqueolóxico, deberá comunicarse inmediatamente á DXPC, cubrindo o modelo normativizado de ficha de inventario, e completarse o EsIA coas correspondentes cualificacións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Calquera modificación do proxecto de parque eólico terá que ser informada pola DXPC.
- Respecto do PIA
 - Deberá completarse con todos os elementos de patrimonio cultural, cualificacións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental (Anexo H).
 - Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do EsIA deberán reflectirse no documento.
 - Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

